



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2016-120

PROVISION CONCURSO-OPOSICION DE CINCO POSTOS PARA O GES

En Laza a, 1 de Abril de 2016

BASES QUE REXEN A SELECCIÓN PARA A COBERTURA DE CINCO POSTOS PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DO CONCELLO DE LAZA, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICION, DE ENTRE O PERSOAL DO SERVIZO MUINICIPAL DE EMERXENCIAS DO CONCELLO, CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA. OBXECTO

1.- É obxecto da presente convocatoria a cobertura de **cinco** postos persoal laboral, para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), mediante o sistema de concurso-oposición interno de entre os traballadores do Servizo Municipal de Emerxencias do concello, que se relacionan de seguido:

- Araújo Rodríguez, Francisco José
- Barja Blanco, Ricardo
- Collazos Collazos, Lorena
- García Estévez, Iván
- García Fernández, José Luis
- García Rodríguez, Moisés
- Rodríguez García, Ester
- Rúa Basalo, Juan Mario

SEGUNDA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar no presente concurso-oposición, presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de **dous (2)** días naturais no rexistro xeral do concello, en horario de 9 a 14 h., ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas (fax do concello: 988422102). Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil o prazo finalizará o primeiro día habil seguinte.

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Tablón de anuncios do Concello de Laza e na páxina web <http://www.depourense.es/index.php/ofertas-emprego-concellos>, achegándose a seguinte documentación:



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

- a) Copia compulsada do DNI.
- b) Copia compulsada do carné de conducir.
- c) Certificación sobre a pertenza a unha agrupación de voluntarios de protección civil.
- d) Certificación sobre a experiencia profesional.
- e) Fotocopia compulsada dos cursos de formación relacionados coas tarefas do posto.

3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4. Rematado o prazo, o Alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello. A mesma resolución do alcalde conterá o lugar, data e hora de reunión da comisión avaliadora e realización das probas.

TERCEIRA. COMISION SELECCIONADORA

O Alcalde do Concello nomeará a comisión seleccionadora do proceso por resolución de presidencia e estará formado por:

Presidente: Un técnico do negociado de Persoal da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Vocais: Un Técnico designado pola Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia.

Un Responsable designado polo Servizo de Extinción de incendios e salvamento dun Parque de bombeiros da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Un Enfermeiro do SERGAS.

Un Responsable dun Parque comarcal de bombeiros dos Consorcios contra incendios e salvamento.

Secretario: Un habilitado nacional da Administración Local.

Durante o desenvolvemento das probas de manexo de vehículos e maquinaria, a Comisión Seleccionadora poderá recabar o concurso dun técnico ou xefe de taller/mecánico, de empresas fabricantes e/ou subministradoras dos vehículos ou maquinaria coa que os aspirantes realicen as probas de carácter práctico. Estes técnicos asesorarán á Comisión, para a valoración das probas que se realicen cos vehículos ou maquinaria.

A Comisión seleccionadora estará facultada para resolver as cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo e adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo en todo o non previsto nestas Bases.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección constará de dúas fases:

1ª FASE DE CONCURSO: Valoración de méritos achegados.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 8,00. Para a acreditación dos méritos deberán de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten. A avaliación dos méritos achegados suxeitarase os seguintes baremos:



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

1. CURRICULUM	Máx. 5 puntos
1.1 Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal de GRUMIR ou no grupo de emerxencias municipal nos últimos catro anos	0,10 / mes Máximo 3,50 puntos
1.2 Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos de emerxencias, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público	0,10 / mes Máximo 1,00 puntos
1.3 Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan	0,10 / mes Máximo 0,50 puntos

A experiencia profesional como persoal do GRUMIR, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificárase presentando certificación expedida pola *Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:*

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado deberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

2. CURSOS DE FORMACIÓN RELACIONADOS COAS TAREFAS DO POSTO REALIZADOS NOS ÚLTIMOS DEZ ANOS	Máx. 3 puntos
2.1 Por cursos de entre 0 e 15 horas	0,20
2.2 Por cursos de entre 16 e 30 horas	0,30
2.3 Por cursos de entre 31 e 60 horas	0,40
2.4 Por cursos de entre 61 e 100 horas	0,50
2.5 Por cursos de máis de 100 horas	0,70

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de puntuacións. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados son máximo **cinco puntos** para méritos profesionais e máximo **tres puntos** para formación relacionada coas tarefas do posto.

2ª FASE DE OPOSICIÓN:

1. PROBA TEÓRICA	Máx. 20 puntos
1.1. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, aos efectos de dar cumprimento no previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas nos contidos relacionados coas tarefas do posto, nas que cada unha das respostas acertadas puntuará 0,50 puntos e cada unha das respostas erróneas restarán 0,10 puntos sobre a puntuación total,	



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

que será dun máximo de **10 puntos**.

1.2. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario para desenvolver, aos efectos de dar cumprimento no previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, sobre o coñecemento e recoñecemento dos medios e recursos cós que conta o servizo municipal de protección civil do concello de Laza. Os contidos estarían organizados en cinco bloques, valorándose cada un dos bloques teóricos en dous puntos, ata un máximo de **10 puntos**.

2. PROBA PRÁCTICA

Máx. 72 puntos

2.1. Consistirá na realización de cinco probas prácticas sobre as funcións a desenvolver, que se valorarán da seguinte maneira:

- Proba práctica sobre incendios urbanos (máximo 12,50 puntos).
- Proba práctica sobre incendios forestais (máximo 12,50 puntos).
- Proba práctica sobre manexo de equipos móbiles e a súa dotación (máximo 27 puntos)
- Proba práctica sobre coñecemento de actuacións e equipos sanitarios (máximo 20 puntos)

Valorarase o coñecemento, a destreza e a habilidade das mesmas.

3. PROBA DE GALEGO

ELIMINATORIA

3.1. O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado, os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes. Este é un exercicio con carácter obrigatorio e eliminatorio.

A cualificación final dos exercicios da fase de oposición, virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes nos exercicios obrigatorios realizados, a saber, proba teórica e proba práctica.

QUINTA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE ASPIRANTES.

A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Laza, mediante a



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

proposta de selección, e simultaneamente á súa publicación, a comisión seleccionadora elevará dita proposta para proceder cos trámites precisos para a contratación laboral. Contra a relación de aspirantes que se propoña contratar poderanse presentar reclamacións no prazo dos DOUS DIAS SEGUINTES, a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello. Se houbera reclamacións resolveraaas o Alcalde no prazo de dous días nos termos que procedan.

SEXTA. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de quince días contados a partires da publicación da relación de aspirantes, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir.

SÉPTIMA. RECURSOS.

A Convocatoria e a súas Bases e cantos actos administrativos se deriven destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro e na Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa. No que non se prevé nestas bases rexerá o disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos traballadores en canto a contratos laborais a tempo parcial e de duración determinada.

ANEXO I.-

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

O Alcalde



Asdo: José Ramón Barreal Novo

ANEXO I



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

MODELO DE INSTANCIA

NOME E APELIDOS _____ DNI _____

C/ _____ LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____ CODIGO POSTAL _____ TELEFONO _____

EXPON:

Que tendo coñecemento da convocatoria para a selección de cinco postos para o Grupo de Emerxencias supramunicipal do Concello de Laza mediante a provisión de concurso - oposición, con bolsa de contratación entre os aspirantes non seleccionados, e unha vez reunidos os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido o proceso de selección, adxuntando a seguinte documentación á presente:

- O Fotocopia compulsada do DNI.
- O Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- O Certificación sobre a experiencia profesional.
- O Certificación sobre os servizos operativos en agrupacións de voluntarios de protección civil.
- O Fotocopia compulsada dos cursos de formación relacionados coas tarefas do posto.

Laza ___ de _____ de 2016

Asdo. _____

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA.